



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE APROBACIÓN DAS ADHESIÓN E CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DO PROGRAMA BENOURENSE INFANCIA PARA SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA PARA O EXERCICIO 2026

Para os efectos oportunos, publícase a continuación a Resolución da Presidencia núm.. 2026/12754, do 28 de agosto de 2026, de aprobación das adhesións e concesión de subvencións do Programa BenOurense Infancia para servizos complementarios de atención á infancia para o exercicio 2026.

“Aprobación das adhesións ao Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para servizos complementarios de atención á infancia para o exercicio 2026 e concesión de subvencións.

Unha vez vistas as solicitudes de adhesión ao Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para servizos complementarios de atención á infancia para o exercicio 2026, presentadas ata o 21 de xullo de 2026.

Unha vez visto o informe técnico da Área de Benestar, do 27 de agosto de 2026, no que se dá conta da presentación dun total de corenta e tres (43) solicitudes de adhesión de entidades locais para recibir a subvención para os servizos complementarios de atención á infancia de titularidade municipal, todas elas presentadas en tempo e forma. No dito informe inclúese unha proposta de repartimento das contías económicas de acordo co establecido nas bases reguladoras do Programa.

Ao ter en conta o previsto nas bases reguladoras do Programa de cooperación cos concellos da provincia BenOurense Infancia- Servizos complementarios de atención á infancia para o exercicio 2026, publicadas con carácter definitivo no BOP núm. 121, do 30 de xuño de 2026, concretamente o recollido na base terceira “Contía das subvencións”, realizouse o reparto económico do orzamento total entre os concellos que presentaron en tempo e forma a solicitude de adhesión ao Programa e reúnen os requisitos establecidos.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

1.º Aprobar a adhesión das seguintes entidades locais ao Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para servizos complementarios de atención á infancia para o exercicio 2026, e declarar concedidas as subvencións polos importes que se indican:

	N.º expediente adhesión	Entidade local (concello)	Servizo complementario	Contía concedida
1	2026/12335E	Allariz	Aula de espera	2.985,07 €
2	2026/12355L	Amoeiro	Acollida temperá no CEIP Plurilingüe Otero Pedrayo de Amoeiro	2.985,07 €



3	2026/12356C	Avión	Concilia Avión	3.731,34 €
4	2026/11280W	Bande	Campamento deportivo en Bande	3.731,34 €
5	2026/12346X	Barbadás	Plan concilia	2.985,07 €
6	2026/11361Z	Boborás	Concilia e lecer	3.731,34 €
7	2026/12352Q	Bola, A	Espazo Medrando Xunt@s	3.731,34 €
8	2026/11364V	Carballeda de Avia	Concilia madrugadores	3.731,34 €
9	2026/12430W	Carballiño, O	Bo día familia /Divertiño	2.985,07 €
10	2026/11277E	Castrelo do Val	Almorzos saudables	4.477,61 €
11	2026/12429R	Castro de Caldelas, O	Tardes de verán Castro Caldelas	3.731,34 €
12	2026/12342Y	Celanova	Concilia Celanova, Campamento de verán 2026	2.985,07 €
13	2026/12446H	Cenlle	Servizo de conciliación laboral Concello de Cenlle	2.985,07 €
14	2026/12329Q	Chandrexa de Queixa	Concilia Chandrexa 2026-Campamento de verán	4.477,61 €
15	2026/12354H	Cortegada	Plan Madruga Cortegada	3.731,34 €
16	2026/12436P	Entrimo	Concilia Entrimo 2026	3.731,34 €
17	2026/12442Z	Esgos	Verán concilia 2026	2.985,07 €
18	2026/11244N	Gudiña, A	Alborear	2.985,07 €
19	2026/12332L	Lobeira	Ludoteca de verán en Lobeira	3.731,34 €
20	2026/11282G	Lobios	Actividades de educación ambiental e seguridade vial	3.731,34 €
21	2026/12448C	Maceda	Campamento de verán 2026	2.985,07 €
22	2026/12344P	Melón	Servizo de conciliación familiar- Campamento de verán 2026	3.731,34 €
23	2026/11242X	Mezquita, A	Medramos xogando	3.731,34 €



24	2026/12334K	Montederramo	Actividades complementarias verán 2026	4.477,61 €
25	2026/12325N	Nogueira de Ramuín	Programa “ Concilia familias”. Aula Conci- lia e Campamento de Verán	2.985,07 €
26	2026/11246Z	Oímbra	Programa de conciliación “Almorzos sau- dables”	2.985,07 €
27	2026/12417N	Parada de Sil	Actividades complementarias 2026	4.477,61 €
28	2026/11250H	Pereiro de Aguiar, O	Aula concilia	2.985,07 €
29	2026/12433M	Peroxa, A	Espazo de conciliación familiar da Peroxa	2.985,07 €
30	2026/12434Y	Pobra de Trives, A	Madrugadores	2.985,07 €
31	2026/12343F	Porqueira	Programa coidanenos	4.477,61 €
32	2026/11288X	Rairiz de Veiga	Campamento de verán 2026	3.731,34 €
33	2026/12338W	Ribadavia	Conciliación de mañá	2.985,07 €
34	2026/11247S	Rúa, A	Coidado de nenos-ludoteca municipal	2.985,07 €
35	2026/12357K	San Cibrao das Viñas	Lecer en San Cibrao	2.985,07 €
36	2026/12326J	San Cristovo de Cea	Atención temperá	3.731,34 €
37	2026/12333C	Teixeira, A	A Teixeira concilia	3.731,34 €
38	2026/12431A	Toén	Actividades madrugadores e campamento de verán 2026	2.985,07 €
39	2026/12327Z	Trasmiras	Trasmiras Concilia 2026 -Campamento verán	3.731,34 €
40	2026/12336T	Verea	Concilia Verea	3.731,34 €
41	2026/12428T	Vilar de Santos	Programa concilia Vilar de Santos 2026	3.731,34 €
42	2026/12340G	Vilardevós	Actividades de Verán “Vilardevós concilia”	3.731,34 €
43	2026/12427E	Xunqueira de Ambía	Servizo complementario de atención á infancia Xunqueira de Ambía	2.985,07 €
Total				149.999,84 €



2.º Publicar esta resolución no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense para o coñecemento xeral.

Publicase isto e advírtese que contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán formular un requirimento de anulación, previo ao recurso contencioso –administrativo, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de dous meses, ou, alternativamente e de forma directa, un recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Ourense (ou outro que resultase territorialmente competente en aplicación das regras establecidas no artigo 14 da Lei reguladora da xurisdición contencioso – administrativa), igualmente no prazo de dous meses. En ningún caso poderán simultanearse ambos os recursos.

Os prazos computaranse de data a data a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, vencendo no día equivalente do mes natural seguinte ou, de non existir este, no último día do dito mes. No caso de que o día de vencemento sexa inhábil, entenderase prorrogado o dito prazo ao primeiro día hábil seguinte.

Durante o mes de agosto non contará o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo, salvo para o procedemento para a protección dos dereitos fundamentais no que o mes de agosto terá carácter de hábil.

Non obstante o anterior, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que estime procedente.”

Ourense, 1 de setembro de 2026. A deputada delegada de Políticas Sociais, Conciliación e Envellecemento Activo. (P.d.: Resolución 2023/9863, do 31/07/2023).

Asdo.: Ana Patricia Torres Madureira.

R. 2.136

